



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES. XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA

Ánxel Fole S/N, 27600 Sarria (Lugo)
Tlf 982870801 Fax 982870827

ies.xograr.afonso@edu.xunta.es

www.edu.xunta.gal/centros/iesxograrafonso



CENTRO
CARDIOPROTEXIDO

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

“CREANDO E CONTANDO”

AUTORES:

DURÁN PERNAS, ANA BELÉN

CENTRO:

IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA

MODALIDADE: PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DIRIXIDO POR PROFESORADO

SUB-MODALIDADE: TRABALLO POR GRUPO/NIVEL

ÁMBITO DE COÑECEMENTO: XERAL



IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA

INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1. XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN	1
1.2. COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER.....	6
1.3. CALENDARIO PARA AS TAREFAS.....	8
1.4. ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE	8
1.5. ORGANIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN	8
2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS	9
3. BREVE DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....	10
4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.....	12
5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.....	12
6. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.....	12
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO.....	14
8. DIFUSIÓN DOS TRABALLO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	14
9. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS	15
10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.....	16

CREANDO E CONTANDO

1. INTRODUCCIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Creando e Contando nace no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria da man do departamento de Lingua Castelá, coa finalidade de enriquecer as vivencias do alumnado traballando cunha metodoloxía novidosa que potencia a creatividade e a expresividade de alumnado e profesorado.

Este proxecto inicialmente naceu dentro do traballo de “Educación Responsable” (Literatura e emocións) pero pouco a pouco, grazas ao interese dos alumnos e alumnas foi medrando e converteuse nun completo traballo de grupo e por proxectos, baseado na investigación, experimentación e renovación educativa.

RELACIÓN CO CURRÍCULO POR CONTIDOS DAS DISTINTAS ÁREAS:

O traballo realizado desenvolve contidos de maneira transversal e interdisciplinar;

LINGUA CASTELÁ: 4º ESO Bloque1 Comunicación oral: escoitar e falar

B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.

B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.

LCLB1.2.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.

B1.8. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situación reais ou imaxinarias de comunicación.

LCLB1.8.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.

B2.2. Lectura comprensiva, interpretación e valoración de textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.

LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.

LCLB2.1.6. Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.

B2.1. Coñecemento e uso progresivo de técnicas e estratexias de comprensión escrita.

LCLB2.2.2. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica).

B2.5. Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de obtención de información.

LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.

LCLB2.4.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.

B2.6. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción

e revisión.

B2.7. Producción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.

LCLB2.5.2. Redacta borradores de escritura.

LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

B2.9. Interese pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como instrumento de enriquecemento persoal e profesional.

LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.

Bloque 4. Educación literaria

B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.

LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.

LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).

LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou
“Creando e Contando”

seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.

B4.2. Aproximación ás obras máis representativas da literatura española desde o século XVIII aos nosos días a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.

LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.

B4.3. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XX, utilizando as convencións formais do xénero seleccionado e con intención lúdica e creativa.

LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.

LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.

B4.4. Consulta de fontes de información variadas para a realización de traballos e a cita adecuada destas.

LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.

LINGUA GALEGA: Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.

B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.

B1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.

B1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.

B1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.

B1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.

B1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliográficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.

XEOGRAFÍA E HISTORIA: Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)

B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.

B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.

B5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.

TIC Bloque 5. Publicación e difusión de contidos

B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.

EDUCACIÓN FÍSICA: 4º ESO Bloque de Expresión corporal

B2.1. Creación de composicións artístico-expresivas individuais ou colectivas, con ou sen apoio dunha estrutura musical, incluíndo os elementos para a súa sistematización: espazo, tempo e intensidade.

B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.

B2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.

B2.1.2. Axusta as súas acción á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os componentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.

B1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.

1.2 COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER

O detonante deste traballo foi a inqueda dunha profesora e dun grupo de alumnos cara a figura dun autor en concreto, Miguel Hernández. Pero o que nun principio ía ser algo concreto e sinxelo, foi medrando e abarcou moito máis do previsto, chegando a implicar a moitos membros da comunidade educativa. Deste

modo deuse liberdade e flexibilidade nas distintas actividades para que este proxecto se axeitara aos seus gustos e preferencias.

Creando e Contando estivo deseñado para traballar ao longo de todo o curso 2018-19 diferentes competencias clave;

- **Competencia Dixital:** desenvolvida con actividades que implican ser dixitalmente competentes no uso creativo e crítico das TICs para acadar os obxectivos propostos.
- **Competencia en comunicación lingüística:** potenciando a habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.
- **Competencia social e cívica:** favorecendo os aspectos afectivos e sociais, xa que moitas das actividades en grupo requiren da colaboración de todos e todas.
- **Competencia para aprender a aprender:** xa que os/as profesores/as fomos na maior parte dos casos facilitadores de recursos básicos para que o alumnado autoxestionara as súas prácticas.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** xa que as actividades programadas fomentaron o desenvolvemento de actitudes e valores para transformar as ideas en actos.

Recalcar que o traballo desenvolto foi **interdisciplinar** (coa participación das materias de Lingua Castelá, TICs, Ed. Física, Ed. Plástica); **enriquecedor para a vida do centro** (actualizando novas de interese nos monitores e expositores); **facilitador da convivencia escolar** (realizando actividades que contaron coa participación de membros das diferentes “familias” da Comunidade educativa e de fora dela (persoal docente, non docente, pais e nais) e **promotor da educación en valores** .

1.3. CALENDARIO PARA AS TAREFAS

O traballo foi desenvolto ao longo do 2º trimestre , adicándolle 8 sesións lectivas do horario de LCeL así como algunhas horas de garda (3), e algunhas sesións correspondentes a outras materias: Educación Física (3) , Xeografía e Historia (1) e Educación Plástica (1). En total, precisáronse 16 horas lectivas.

1.4. ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

O alumnado participante compón o grupo de 4º da ESO B, son 26 alumnos/as. É un grupo moi dispar, con alumnos que proveñen do PMAR e no que había dous alumnos con Adaptacións Curriculares. Todos eles levan varios anos no centro.

O profesorado participante: Para levar a cabo o proxecto contouse coa participación directa dun total de 10 profesores, 1 do Departamento de Francés (coordinador da biblioteca escolar), 1 do Departamento de Tics, 3 do Departamento de Lingua Castelá, 1 do Departamento de Lingua Galega (corrordinadora da revista escolar), 1 do Departamento de Ed. Plástica, 1 do Departamento de Música e 1 do Departamento de Educación Física (vicedirectora), 1 profesor de Xeografía e Historia ademáis de contar coa participación do profesorado de garda da biblioteca.

EQUIPO DE BIBLIOTECA: clave na organización na primeira parte do proxecto, facilitando o préstamo de materiais de consulta e investigación, tanto libros coma de uso de ordenadores.

1.5. ORGANIZACIÓN

O proxecto plantexouse como un traballo colectivo que precisou dunha planificación e reparto das diferentes tarefas :

Lectura individual e colectiva da obra El silbo del dale, antoloxía da editorial Edelvives sobre a obra de Miguel Hernández. Coñecemento das actividades que no marco do programa “Literatura y emociones” /Educación Responsable no que participa o programa se nos facilitan a propósito do tratamento desta obra.

Investigación e selección de información: os alumnos que se adican a esta tarefa desenvolveron unha actividade individual e grupal. Acudiron á Biblioteca e buscaron obras de Miguel Hernández e información a través dos soportes informáticos que se ofertan nela.

Choiva de ideas sobre o posible traballo creativo: xorden aquí as posibilidades de recrear a súa vida , a relación cos membros da Xeración do 27, as relacións sentimentais do autor, e a referencia ao marco histórico: as artes plásticas, a música, a conservación da súa obra, as mulleres nesta xeración. Contéplase a posibilidade de empregar diferentes técnicas e rexistros: fotografías, recreación a través da técnica do teatro de sombras, do relato cinematográfico, dos espectáculos televisivos de moda (magazines) e dos formatos de youtubers e influences que tan ben dominan os alumnos.

Redacción dun guión de traballo que incorpora todo ese traballo e planificación das gravacións.

Equipo de montaxe que estivo integrado por varios alumnos e os profesores de LCeL e TICS.

2.OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O tema do traballo foi a figura de Miguel Hernández a través da antoloxía El silbo del dale que nos ofertaba propostas de actividades co fin de reforzar a animación lectora e, ademais, desenvolver obxectivos relacionados coas áreas emocionais, “Creando e Contando”

cognitivas, sociais e creativas do alumno. Sabedores de que a lectura pode mobilizar sentimentos, recordos, emocións e novas ideas que fan que o lector incremente o seu desenvolvemento persoal .

3. BREVE DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

OBXECTIVOS

Os obxectivos fundamentais deste proxecto son:

- **Coñecer** a figura do poeta Miguel Hernández desde unha perspectiva global e emocional: coñecemento da súa vida, da súa obra e da súa época .
- **Sensibilizar e concienciar** ao alumnado sobre a creación literaria como acto de comunicación subxectiva e sentimental.
- **Permitir que os lectores adquiren un compromiso ético que fomente a empatía e mellore a convivencia** ao participaren coa imaxinación e coas emocións nas vidas doutros.
- **Defender a importancia da poesía como recurso esencial para traballar a educación emocional**, social e creativa, pola súa capacidade para espertar e activar o mundo emocional do alumnado a través da súa linguaxe e do seu ritmo. As súas imaxes, metáforas ou símbolos poderán estimular tamén o seu desenvolvemento cognitivo.
- **Achegar ao alumnado a novas formas de ensino-aprendizaxe** sendo eles os protagonistas manexando as distintas fontes de información que se atopan a súa disposición nas Bibliotecas dos centros.

CONTIDOS E ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS

A. Destinatarios: Especialmente dirixido ao alumnado de 4º de ESO, pero aberto a todo o alumnado do centro e ao resto da comunidade educativa, incluído o profesorado e o resto de persoal que presta servizos no instituto (conserxes, limpadoras, administrativos, persoal de cociña,...). O obxectivo final é que traspase as fronteiras do noso IES.

B. Temporalización: Outubro (2018) – Xuño (2019)

FASE 1 – 1º TRIMESTRE Planificación do traballo polos profesores de LCeL , a profesora de E. Física e o Equipo da Biblioteca

FASE 2 – 2º TRIMESTRE Desenvolvemento do proxecto: presentación aos alumnos, motivación , lectura e traballo creativo nas aulas e na Biblioteca.

FASE 3 – 2º/3º TRIMESTRES Difusión do proxecto na prensa (xornais, radio e revista do IES). Presentación do traballo final na sesión de Somos creativos /Educación Responsable levada a cabo en Santiago o día 5 de abril de 2019.

C.Desenvolvemento. O proxecto presentouse ao principio do curso ao alumnado a través da área de Lingua Castelá en colaboración coa biblioteca escolar. Desenvolveuse durante as clases de Lingua Castelá en colaboración con outros profesores, co apoio da biblioteca e co soporte de espazos coma o salón de actos. Para motivar ao alumnado; realizáronse as seguintes actividades: visionado e debate dun documental relacionados coa xeración do 27, visita á páxina da Fundación Miguel Hernández, visionado de diferentes vídeos contextualizadores da época, lectura da antoloxía El silbo del dale, búsqueda de información sobre a vida do autor e a relación cos homes e mulleres do 27, descubremento da importancia xeracional destas mulleres (“Las sinsombrero”), investigación sobre a

música da época, investigación sobre as técnicas do teatro de sombras, sobre o formato dos magazines e os monólogos dos youtubers de moda.

En horario extraescolar realizáronse as gravacións dos audios das lecturas dos versos así como a montaxe e edición final do audiovisual.....

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO RECURSOS E MATERIAIS UTILIZADOS

En primeiro lugar guión de traballo para o profesorado implicado e para o alumnado participante.

Material impreso de carácter informativo sobre o contexto histórico, vida e obra do poeta Miguel Hernández.

Guión de gravación .

Presentacións realizadas para a súa difusión.

5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

Búsqueda de información, selección e redacción do guión.

Grabación de audios

Dramatizacións

Montaxe e edición do audiovisual

6. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

a. Recursos Humanos

As tarefas fundamentais realizadas polo profesorado que participou máis directamente foron as seguintes:

Ana Belén Durán Pernas, (profesora de Lingua Castelá), coordinou todo o traballo, planificación, deseño e organización.

Os/as outros profesores/as colaboradores realizaron funcións coma: caracterización dos personaxes, editado de vídeo, axuda na escenografía e no control do alumnado, coordinación para o uso da biblioteca e para o control do préstamo para os traballos de investigación, laboura de expansión do proxecto fóra do centro, contacto coa prensa e coas outras institucións.

b. Recursos Materiais

Para o publicitar o proxecto

1. Presentación do traballo en Santiago o 5 de abril de 2019 no CAFI de Galicia e a Fundación Botín no marco “Somos creativos”/Educación Responsable.
2. Presentación no centro no marco das actividades do Día do Libro 2019
3. Difusión a través dos monitores no Hall do instituto.
4. Difusión a través dos monitores na sala de profesores.
5. Díptico do Festival do Día do libro. Revista escolar, Radio escolar.
6. Facebook do centro.

Para as actividades do alumnado

1. Sala de informática con 28 ordenadores (para a investigación)
2. Cámara de vídeo (para a grabación).
3. Ligazóns concretas para conducir a búsqueda da información.

4. Biblioteca escolar (cos seus ordenadores)

**PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN/
LIGAZÓNS UTILIZADAS:**

- **Páxina da Fundación Cultural Miguel Hernández**

[http://www.miguelhernandezvirtual.es/new/index.php?option=com_content&view=article
&id=52](http://www.miguelhernandezvirtual.es/new/index.php?option=com_content&view=article&id=52)

- **Páxina do Instituto Cervantes**

[https://www.cervantes.es/bibliotecas_documentacion_espanol/biografias/manila_miguel
hernandez.htm](https://www.cervantes.es/bibliotecas_documentacion_espanol/biografias/manila_miguel_hernandez.htm)

BIBLIOGRAFÍA: Miguel Hernández, El silbo del dale, Ed. Edelvives

Todo o traballo desenvolvido está colgado en:

<https://www.youtube.com/watch?v=pXEAZm78rCk&t=2s>

7.IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO

Os pais, nais e o propio alumnado cederon o dereito do uso de imaxe. Aportaron roupa e materiais para caracterizar aos personaxes. Os conserxes axudaron a montar os escenarios onde grabar as imaxes con sombras. O profesorado colaborou axudando nas gardas e nas clases para facilitar as filmacións e deixando acudir aos alumnos á biblioteca para facer as búsquedas de información.

8.DIFUSIÓN DOS TRABALLO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Difusión extraescolar do proxecto.

Publicidade. Para dar publicidade as distintas accións deste proxecto empregouse:

1. Festival do día do Libro: <https://youtu.be/k96DE1hLksY>
2. Facebook <https://es-es.facebook.com/iesxograr/> con enlace na páxina web do noso centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesxograrafonso.>
3. Vídeomonitores do instituto.
4. Radio do centro <https://soundcloud.com/radio-xograr> (Programa do 12-04-2019)
5. Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=pXEAZm78rCk>

9.AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO

a. Grado de consecución dos obxectivos plantexados

Os obxectivos plantexados neste proxecto pódense considerar como operativos, polo que podemos afirmar que na maioría dos casos o alumnado que participou nas actividades programadas, acadou os obxectivos pretendidos, tal e como se especifica de seguido:

- Profundizar no coñecemento dunha época e dun artista, establecendo pontes coa época actual.

- Sensibilizar e concienciar á comunidade educativa sobre a importancia da poesía na educación emocional.
- Dotar aos participantes no proxecto de formación encamiñada a fomentar a toma de decisións **conscientes** e **responsables**.
- Favorecer o debate ético que xira en torno aos conflitos político e a toma de decisións individuais e colectivas.

10.FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A biblioteca escolar foi o eixe vertebrador do traballo, non en vano a maior parte do profesorado participante neste proxecto forma parte do equipo de biblioteca. A ela acudiu o alumnado para realizar as tarefas de investigación, postas en común, lecturas, redaccións dos traballos, ensaios, etc.

ANEXOS

Programa “Somos Creativos” Educación Responsable da Fundación Botín



SOMOS CREATIVOS - EDUCACIÓN
RESPONSABLE

LITERATURA, EMOCIÓN E CREATIVIDADE

Coa colaboración especial do
contacontos: Fran Guede



5 de Abril 2019



10:45



CIFP Politécnico de Santiago

Que bonito é Panamá! - CEIP de Cedeira (Redondela)

El hombrecito vestido de gris - CEIP de Laredo (Redondela)

El poder del lenguaje - CEIP Flavia (Padrón)

El silbo del dale, Miguel Hernández - IES Xograr Afonso Gómez (Sarria)


El caballero de la armadura oxidada - IES A Pinguela (Monforte)

Presentación do traballo “Soñando a Miguel” á comunidade educativa no Festival do Día do Libro



“Creando e Contando”

Portada Revista escolar “Aquí e Agora” e reseña do traballo



#Somos creativos “SOÑANDO A MIGUEL”

O venres 5 de abril, os alumnos de 4ºeso B presentaron en Santiago o seu traballo audiovisual sobre Miguel Hernández, traballo enmarcado no programa de Educación Responsable (Fundación Botín) no que participa este centro e que se desenvolve nas Titorías e a través de diferentes actividades realizadas nas materias de Plástica, Música e Literatura.

O seu traballo artellouse sobre a vida e a obra do poeta alicantino Miguel Hernández a partir da lectura da antoloxía El silbo del dale.

Facendo este traballo tiveron a oportunidade de profundizar no coñecemento do home Miguel Hernández: na súa vida e nos seus soños. Pero coñecer a Miguel permitiulles, ademais mergullarse na realidade dunha época que xa lles resulta descoñecida. O grupo do 27 despregouse ante eles con toda a súa diversidade artística, na que ademais de poetas, narradores, dramaturgos, pintores, cineastas e músicos tamén había mulleres : mulleres poetas, mulleres narradoras, mulleres pintoras, mulleres filósofas...auténticas e rebeldes que marcaron o comezo dunha nova era.

Intentaron contar a vida de Miguel a través duns cantos versos que foron seleccionados pola súa transcendencia e significación, versos nos que a relación emoción/poesía é evidente ; e nos que Miguel Hernández consegue universalizar os seus sentimentos. Nese relato servíronse como elemento potenciador da música , que tamén permitiu coñecer a algún dos músicos españois máis importantes da xeración do 27: Manuel de Falla, Gustavo Pittaluga, Rodolfo Halffter e Salvador Becarisse.

“Soñando a Miguel” foi un traballo colectivo e emocionante que nos permitiu manexar moitos rexistros diferentes (teatro de sombras, cine, magazine, youtuber...) para construír este relato co que pretenderon actualizar a vixencia dos seus versos, que siguen conmovéndonos porque teñen alma.

Díptico do Festival do Día do Libro



Coa presentación do traballo
 “SOÑANDO A MIGUEL”
 realizado polos alumnos de 4ºESO sobre Miguel Hernández no marco do programa de Educación Responsable

DÍA DO LIBRO
 ABRIL 2019

IV Recital
Poético Visual



1. PRESENTACIÓN
 2. POR QUE O 23 DE ABRIL? (Adaptación libre dun fragmento da peza “Siglo de oro, siglo de ahora” da compañía ROM LALÁ.
 Claudia González Méndez
 Diego Porral López
 Miguel López López
 Marco Fernández López
 Yeral Vázquez Prado



3. ÉRASE UNHA VEZ: Adaptación de “El rey enamorado” de LES LUTHIERS.
 Fabián Tourón Seijas
 Javier López Vilar



4. OS LIBROS: MANUAIS DA CONDUCTA HUMANA. (Adaptación de “Shakespeare para ignorantes” da compañía MOFA E BEFA
 Edgar Tourón Fernández,
 Alejandro Abella Arias
 Oriol Segalá Farrés
 Andrea Fernández Gato
 Carmen Maceda Cabanas
 Anxo Maceda Martínez
 Yessica Ameijide Pérez
 Javier Portillo González
 Laura Álvarez López
 Laura Vázquez López
 Silvia Díaz Rodríguez
 Erika De la Torre Rojas
 María Vázquez Fernández
 Patricia Rodríguez Díaz
 Aitana Vázquez Miranda
 Paula No Álvarez.



5. LIBROS: MILES DE PALABRAS POR IMAXE (Coreografía)
 Ainhoa Rodríguez Pérez
 Jennifer Vázquez Díaz
 Judith Rodríguez Alonso
 Noelia López Pousada
 Iago Iglesias Calvo
 Danián Comesaña Fernández
 Ángel de la Cruz
 Slatel Alcántara Belgado



6. OS LIBROS: MANUAIS BÁSICOS DE SUPERVIVENCIA. (Adaptación libre de “Hamlet e vivo” de Lois Pérez)

Yago Fernández Teijeiro
 Alexia Quiñóá Piñeiro
 Laura López Gayoso
 Mar Castro Díaz
 Andrea Fernández López
 Uxía Dono Martínez
 Laura López Ojea
 Yasmína Vázquez López
 Javier López Vilar
 Ana Sánchez Lebán
 Alejandro Rodríguez Casares
 Ana Cristina López Capellá

**QUE OS LIBROS
 VOS ACOMPAÑEN!**

